

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 28 de novembro de 2024 pola que se contrata como persoal laboral fixo o persoal que superou o procedemento selectivo das prazas de PAS funcionario e PAS laboral do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal do grupo IV.1.

Publicada polo tribunal cualificador das probas selectivas para cubrir, polo sistema de acceso libre, as prazas de PAS funcionario e PAS laboral do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal, convocadas pola Resolución reitoral do 9 de xaneiro de 2024 (DOG do 18 de xaneiro e BOE do 29 de xaneiro), a proposta definitiva de persoal seleccionado correspondente ao grupo IV.1, unha vez comprobado que a persoa seleccionada reúne os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria, e de conformidade co disposto no artigo 85 j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo a persoa que superou o proceso selectivo e que se relaciona no anexo desta resolución.

Segundo. A persoa seleccionada formalizará o seu contrato, ante o Servizo de Xestión de Persoal, no prazo dun mes que comezará a computarse a partir do 16 de decembro de 2024.

No caso de que as persoas aspirantes se encontren en situación de incapacidade temporal, o prazo para a sinatura do contrato comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, nas cales se poderá asinar o contrato durante esta situación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CVE-DOG: 61eqiea2-fn66-xip8-hcj7-6mybsjsxavu8



Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: 61eqiea2-fn66-xip8-hcj7-6mybsjsxavu8





ANEXO
Especialista de oficios, xardineiro. Grupo IV.1

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Cód. posto	Denominación e unidade de adscrición do posto	Campus	Quenda	Observacións
1	***6022**	Mejuto Canabal, Manuel	PL000706	Especialista de oficios (xardineiro). Predio de prácticas	Lugo	Mañá	Permiso conducir B/Curso básico de aplicador e manipulador de produtos fitosanitarios